


PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO



XUNTA
DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN
INFANTIL E PRIMARIA
PLURILINGÜE AS MERCEDES

Praza As Mercedes s/n
32005, Ourense
T. +34 988 68 50 30 | M. +34 693 606 123
cód.Centro 32009165 | CIF Q8255013H
ceip.asmercedes.ourense@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/ceipasmercedesourense





ÍNDICE

1 INTRODUCCIÓN.....	4
2 MARCO LEGAL.....	11
3 CARACTERÍSTICAS XERAIS DO CENTRO.....	13
3.1 CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO:.....	13
3.2 SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO:.....	15
4 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.....	21
4.1 OBXECTIVOS XERAIS.....	21
4.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.....	22
5 DISTRIBUCIÓN HORARIA MATERIA/IDIOMA.....	27
5.1 LINGUA MATERNA PREDOMINANTE ENTRE O ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL...27	
5.2 LINGUA DE IMPARTICIÓN NAS DIVERSAS MATERIAS NA EDUCACIÓN PRIMARIA.....31	
5.3 LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS PROGRAMACIÓNS E CONCRECIÓNS CURRICULARES.....33	
5.4 MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO E PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS.....33	
5.5 RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS.....34	
5.5.1 HUMANOS.....34	
5.5.2 MATERIAIS.....35	
6 CURRÍCULUM INTEGRADO DAS LINGUAS. MEDIDAS.....36	
6.1 ASPECTOS XERAIS.....36	
6.2 EDUCACIÓN INFANTIL.....38	
6.3 EDUCACIÓN PRIMARIA.....39	
7 ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS.....42	



7.1 ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE PARA QUE O ALUMNADO ADQUIRA, DE FORMA ORAL E ESCRITA, O COÑECEMENTO DAS LINGUAS OFICIAIS.....	42
7.2 CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS), AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO.....	44
7.3 INFORMACIÓN E VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA NOS CURSOS ANTERIORES.....	46
7.4 ACTIVIDADES E LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA OS CURSOS 2021/2024.....	46
7.5 AVALIACIÓN. CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS.....	53
7.6 GRAO DE COLABORACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓNS, ENTIDADES OU ASOCIACIÓNS EXTERNAS AO CENTRO ASÍ COMO CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS.....	54
8 MEDIOS E FORMAS DE DIFUSIÓN.....	55
8.1 Revisión e Modificacións.....	55
8.2 Publicación e divulgación.....	56
8.3 Aprobación.....	56



1 INTRODUCCIÓN.

O Claustro de Profesores e o Equipo de Dinamización da Lingua do Centro considera que a lingua galega é un **elemento básico de identidade** cultural que une a toda a comunidade educativa que a fala, polo que ao amparo da **Lei 3/1983** que propón que se garanta o uso en igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia, favorecerá e impulsará esa igualdade para que ao rematar a Educación Primaria , os alumnos e alumnas deste Centro teñan competencia, oral e escrita, nas dúas linguas.

O **Decreto 79/2010** de 20 de maio, regula o uso das linguas no sistema educativo. No seu artigo 14 di que cada Centro elaborará o seu Proxecto Lingüístico cada catro anos, e que formará parte do seu Proxecto Educativo. No marco deste Proxecto Lingüístico, o EDL promoverá a realización dunha serie de actividades extraescolares e complementarias que permitan un **incremento do uso do galego** nas mesmas e que plasmaremos no proxecto de fomento do uso do galego.

Somos conscientes de que neste Centro de Ensino o traballo de normalización é algo complicado ao ter alumnado que ten como lingua de uso común o castelán. Tamén hai que ter en conta que cada vez temos máis alumnado procedente de América latina, que ó seu atraso a nivel académico súmase o descoñecemento da lingua galega.

En base ao exposto, o labor de normalización ten que asumirse dun xeito transversal, no que deben participar, a poder ser, todos os membros da comunidade educativa.

O **DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, (DOG. 25/05/2010)** regula o uso das linguas no sistema educativo., e no seu artigo 14 di:



Artigo 14.1. Cada centro, dentro do seu proxecto educativo, elaborará o seu proxecto lingüístico cada catro cursos escolares, no cal se fará constar:

a) A decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

b) En educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, as medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.

c) Nos centros que imparten formación profesional específica, ensinanzas artísticas e deportivas, e ensinanza de persoas adultas, os procedementos que aseguren que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais.

d) Os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.

2. O proxecto lingüístico será redactado por unha comisión do profesorado do centro, nomeada polo equipo directivo e oída a comisión de coordinación pedagóxica. Formarán parte dela, como mínimo, os xefes/as dos departamentos de linguas e o coordinador(a) do equipo de dinamización da lingua galega. Será aprobado e avaliado polo consello escolar do centro educativo.

3. Este proxecto remitiráselles cada catro cursos escolares aos servizos da inspección educativa, que velarán para que o seu contido se axuste a este decreto e ao desenvolvemento da Lei orgánica de educación.

4. Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:

1. Nos centros que imparten educación infantil, os resultados da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.



2. En todos os centros en que haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.

3. En todos os centros, información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte.

4. Sen prexuízo do previsto na epígrafe 4 deste artigo, a Administración educativa avaliará os proxectos lingüísticos dos centros e fará o seguimento dos resultados que se desprendan da súa aplicación coa finalidade de adoptar, se é o caso, as medidas necesarias para garantir que o alumnado adquire de forma oral e escrita a competencia lingüística propia de cada nivel e etapa nas dúas linguas oficiais de Galicia, como establece o artigo 14.3º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

O Claustro de Profesores e o Equipo de Dinamización da Lingua do CEIP Plurilingüe As Mercedes considera que a lingua galega é un elemento básico de identidade cultural e que une a toda a comunidade educativa que a fala, polo que ao amparo da Lei 3/1983 que propón que se garanta o uso en igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia, o CEIP Plurilingüe As Mercedes, favorecerá e impulsará esa igualdade para que ao rematar a Educación Primaria, os nosos alumnos e alumnas teñan competencia, oral e escrita, nas dúas linguas.

O presente Proxecto Lingüístico de Centro foi elaborado por unha comisión formada, tal e como se recolle no artigo 14.2 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

O PLC do CEIP Plurilingüe As Mercedes é un proxecto para mellorar o ensino a través da comunicación lingüística en cada unha das materias e en todos os aspectos da vida escolar e das persoas que o conforman.

O PCL debe recoller as decisións que adopte o centro para a educación lingüística do alumnado, incluíndo:



-**Decisións macro** tales como: distribución de linguas no centro e o currículo, decisións sobre as linguas maternas dos estudante e sobre as linguas ambientais, decisións respecto da avaliación da competencia en comunicación lingüística do alumnado e decisións metodolóxicas xerais respecto da ensino -aprendizaxe das linguas.

-**Decisións micro** tales como: as relacionadas coas decisións respecto do ensino das linguas de escolarización, as linguas estranxeiras e o discurso no resto das materias e áreas do currículo.

Para levar a cabo o seu labor, o PLC debe centrarse en cinco grandes actuacións:

- a) Currículo integrado das linguas
- b) Aprendizaxe integrada de contidos e linguas
- c) Atención á diversidade
- d) Plurilingüísmo.

Para a elaboración do noso Proxecto Lingüístico, os docentes do Claustro reunímonos cunha periodicidade semanal e estamos a traballar no desenvolvemento dos seguintes puntos:

a) Desenvolver un currículo integrado das linguas implicadas

O currículo integrado das linguas é a resposta educativa á competencia plurilingüe. Se os usuarios das linguas utilizan a competencia plurilingüe para resolver tarefas en distintas situacións comunicativas, a mellor estrutura educativa implica o ensino coordinado das linguas na escola. Para iso, o PLC debe recoller a relación existente entre as linguas presentes no currículo, e especialmente as situacións e tarefas compartidas en todas as linguas.

b) Aprendizaxe integrada de contidos e Linguas coas Áreas non lingüísticas.

Un traballo coordinado de ensino de linguas e dos contidos doutras áreas curriculares presenta múltiples vantaxes para os alumnos. As áreas lingüísticas teñen



entre as súas metas o traballo cos textos académicos das áreas non-lingüísticas; as áreas non-lingüísticas son, á súa vez, poderosas ferramentas para o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, ampliando o acceso a distintos ámbitos e dominios do coñecemento. A integración da aprendizaxe de linguas e contidos artículase desde unha dobre vía: **As áreas lingüísticas e as non lingüísticas**. Nas primeiras, o profesorado asume como material de traballo o discurso académico e os textos das restantes materias e áreas de coñecementos, tanto desde a perspectiva da produción recepción de textos como para a reflexión metalingüística. Nas áreas non lingüísticas, o profesorado utiliza a lingua meta e, para promover o seu desenvolvemento, propón en clase tarefas e actividades que axudan a que o seu alumnado domine os recursos lingüísticos propios da súa materia ó área de coñecemento, fundamentalmente a través do seu traballo co léxico especializado e as interaccións propias de cada materia. Para conseguir este proceso de dobre vía, o PLC pode recoller todo o concernente ao proceso de integración das linguas e contidos, tanto dentro da aula como fóra dela. Os axustes que debe realizar o profesorado nas materias non- lingüísticas, o traballo que realicen nas materias lingüísticas ao redor dos textos académicos, a necesaria formación permanente do profesorado para poder levar a cabo este proceso, os mecanismos de control e avaliación que se poñan en funcionamento, a presenza ou non de profesorado axudante ou auxiliares de conversación ou as actividades extraescolares ou complementarias que se realicen no centro. En definitiva, o PLC é a ferramenta que permite planificar, desenvolver, coordinar e avaliar a integración de linguas e contidos no currículo.

c) *Inclusión de Atención á Diversidade dentro do Proxecto Lingüístico, xestionando recursos na aula e no centro e seleccionando estratexias de ensino eficaces.*

O PLC é decisivo en relación coa atención á diversidade por diversos factores. En primeiro lugar, o PLC, como parte do PEC, é unha ferramenta fundamental de construción de escola inclusiva, posto que as linguas son un factor fundamental de inclusión. En segundo lugar, boa parte dos problemas aos que se ten que enfrontar o noso alumnado son problemas lingüísticos. Por último, a atención á diversidade



require unha atención global en distintos ámbitos de intervención e é, por tanto, necesario contemplar desde as estratexias de aula ata o apoio na aula e fóra dela, desde a adecuación do currículo ata os aspectos organizativos ou a cooperación entre o centro e a contorna. Neste sentido, o PLC pode incluír dous tipos de medidas en relación coa atención á diversidade: xenéricas e específicas.

As medidas xenéricas atópanse activas de maneira permanente e configuran unha forma de traballo normalizada nos centros.

As medidas específicas, doutra banda, actívanse segundo a necesidade que teña un estudante nun momento determinado do traballo escolar, aínda que é evidente que haberá medidas específicas que deberán manterse activas durante tanto tempo como sexan necesarias para os estudantes. Entre estas medidas específicas de atención á diversidade pódense incluír as seguintes:

- Avaliación do alumnado e procura de información pertinente sobre temas relacionados coa competencia comunicativa do alumnado (discapacidade, lingua materna do alumnado, etc.)
- Intervención en relación con alteracións da linguaxe oral e escrita.
- Uso de sistemas aumentativos e alternativos de comunicación.
- Ensino do español como nova lingua a estudantes falantes doutras linguas.

En todo caso estas medidas xenéricas e específicas débense desenvolver, sempre que sexa posible, nun grupo ordinario a tempo completo e, cando sexa necesario, con apoios dentro do grupo.

d) O plurilingüismo

No curso 2021-2022 incorporámonos á rede de Centros Plurilingües de Galicia.

Na LOMCE o aprendizaxe da lingua estranxeira cobra unha especial relevancia xa que a capacidade de comunicación lingüística é o primeiro chanzo para desenvolverse nun contexto multicultural e plurilingüe. Por outra banda, a Comisión Europea, dentro do seu programa de traballo Educación e Formación das competencias clave para a sociedade do coñecemento considera que a comunicación nunha lingua estranxeira é unha das competencias clave para a sociedade do coñecemento. De tal xeito e tendo



en conta o anterior, na O. do 12 de maio do 2011, regúlase a convocatoria do Plan de centros plurilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario e coa que se aposta por mellorar as competencias básicas da nosa sociedade dotándoa de competencias plurilingües e pluriculturais coa implantación de proxectos de innovación educativa relacionados coa aprendizaxe de linguas.

Na Educación Primaria, o estudo da lingua estranxeira terá como finalidade a progresiva familiarización coa dita lingua e o seu uso en situacións comunicativas sinxelas e significativas para os nenos e nenas desa idade. Hai diversas maneiras de aprender unha lingua, pero o que se ensina e o que aprende o alumnado está condicionado, entre outros factores, polo conxunto de medios e materiais utilizados. Así, o desenvolvemento do plurilingüismo consiste en impartir determinadas materias do currículo en dúas linguas maternas (galego e castelán) e unha lingua estranxeira da Comunidade Europea (inglés), converténdose a lingua estranxeira nunha lingua vehicular, nun instrumento para aprendizaxe de diferentes materias, no noso caso a área de Educación Artística. De tal xeito, a base fundamental dun ensino bilingüe é que a lingua non é un obxectivo en si, senón un vehículo de transmisión de coñecementos; iso quere dicir que non hai que ensinar inglés, senón aprender en inglés. Con isto, conseguimos un dobre fin, o coñecemento tanto do idioma coma o dos diferentes aspectos socioculturais de países anglosaxóns.



2 MARCO LEGAL.

O presente documento baséase na normativa vixente, tendo como principais referentes legais os que seguen:

1. Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística. (DOG. 14/07/1983).
2. Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG. 23/06/2009)
3. Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. (DOG. 25/05/2010).
4. Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG. 09/09/2014)
5. Número 2 do artigo 5 anulado por Sentencia TSX de Galicia 1286/2012, 21 novembro (Sala de lo Contencioso-administrativo, 1ª), por Sentencia TSX de Galicia 1285/2012, 21 novembro (Sala do Contencioso-administrativo, 1ª), por Sentencia TSX de Galicia 1284/2012, 21 novembro (Sala do Contencioso-administrativo, 1ª) e por Sentencia TSX de Galicia 1313/2012, 28 novembro (Sala do Contencioso-administrativo, 1ª). *TSXGA, Sala do Contencioso-administrativo, Sección 1ª, S 1286/2012, 21 Nov. 2012 (Rec. 588/2010) TSJGA, Sala do Contencioso-administrativo, Sección 1ª, S 1284/2012, 21 Nov. 2012 (Rec. 595/2010) TSJGA, Sala do Contencioso-administrativo, Sección 1ª, S 1285/2012, 21 Nov. 2012 (Rec. 447/2010) TSXGA, Sala do Contencioso-administrativo, Sección 1ª, S 1313/2012, 28 Nov. 2012 (Rec. 591/2010).*
6. Número 3 do artigo 12 anulado por Sentencia TSX de Galicia 1286/2012, 21 novembro (Sala do Contencioso-administrativo, 1ª), por Sentencia TSX de Galicia 1285/2012, 21 novembro (Sala do Contencioso-administrativo, 1ª), por Sentencia TSX de Galicia 1284/2012, 21 novembro (Sala de lo Contencioso-administrativo, 1ª) e por Sentencia TSX de Galicia 1313/2012, 28 novembro (Sala de lo Contencioso-administrativo, 1ª). *TSXGA, Sala do Contencioso-administrativo, Sección 1ª, S 1286/2012, 21 Nov. 2012 (Rec. 588/2010) TSJGA, Sala do Contencioso-administrativo, Sección 1ª, S 1284/2012, 21 Nov. 2012 (Rec. 595/2010) TSJGA, Sala do Contencioso-*



XUNTA
DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN
INFANTIL E PRIMARIA
PLURILINGÜE AS MERCEDES



Praza As Mercedes s/n
32005 Ourense
T. 988 68 50 30
cód.Centro 32009165
CIF Q8255013H
ceip.asmercedes.ourense@edu.xunta.gal

*administrativo, Sección 1ª, S 1285/2012, 21 Nov. 2012 (Rec. 447/2010) TSXGA, Sala do
Contencioso-administrativo, Sección 1ª, S 1313/2012, 28 Nov. 2012 (Rec. 591/2010)*



3 CARACTERÍSTICAS XERAIS DO CENTRO.

3.1 CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO:

O **Centro de Educación Infantil e Primaria Plurilingüe As Mercedes** é un centro de carácter público dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. O Proxecto Educativo do CEIP Plurilingüe As Mercedes recolle a descrición do ambiente socio-económico-cultural do entorno establecendo que: *“O noso centro é un centro urbano da cidade de Ourense, está situado no límite da zona vella coa moderna da cidade, dentro dunha zona peonil con facilidade para o acceso dos alumnos e alumnas. Pola nosa localización temos familias de características moi diferentes, xa que na zona nova viven familias con poder adquisitivo medio-alto e un nivel cultural alto e na zona vella, polo xeral, viven familias con menos recursos.*

O noso centro ven funcionando con tres unidades de EI e seis unidades de Educación Primaria.

A ratio, en Educación Infantil é de 20 alumnos por aula nos dous primeiros cursos e de 25 en 6º de infantil e en Educación Primaria excepto nun curso que é de 15 e na maioría de cursos están as prazas cubertas ou con poucas vacantes, aínda que nos últimos anos baixou a matrícula e os cursos de infantil están cunha ocupación menor.

O cadro de profesores está formado por tres profesores-titores de Educación Infantil máis unha mestra de apoio e cinco profesores-titores de Educación Primaria máis un especialista en Francés que exerce como mestre de Educación Primaria, especialistas de Inglés, Música, Educación Física e Pedagogía Terapéutica. Compartimos con outros centros a profesora de Relixión Católica, Orientador e o profesorado de AL. O equipo directivo, dado o número de unidades do centro, está formado polo director, a secretaria e a xefa de estudos.

Do profesorado definitivo no centro hai tres mestres/as de educación primaria



XUNTA
DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN
INFANTIL E PRIMARIA
PLURILINGÜE AS MERCEDES



Praza As Mercedes s/n
32005 Ourense
T. 988 68 50 30
cód.Centro 32009165
CIF Q8255013H
ceip.asmercedes.ourense@edu.xunta.gal

calificado para impartir as materias non lingüísticas en inglés (nivel B2)”.



As familias do alumnado do CEIP Plurilingüe As Mercedes manteñen unha boa relación co centro educativo sendo esta correcta. O CEIP Plurilingüe As Mercedes está adscrito ao IES As Lagoas.

Actualmente temos escolarizados **entorno a 140** alumnos e alumnas, a maioría españois, se ben que está aumentando o alumnado procedente doutros países, principalmente de latino América.

Esta situación fai que, de partida, contemos cun problema engadido á hora de normalizar o galego, pois hai que dicir que a maioría do alumnado que ven ao colexio é castelán falante.

3.2 SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO:

▪ SITUACIÓN DO PROFESORADO

O profesorado do centro é maioritariamente definitivo. Entre nós, usamos o galego como lingua habitual, aínda que temos profesorado que usa maioritariamente a lingua castelá para comunicarse.

No curso 2021/2022 contamos co seguinte profesorado:

- 14 mestres definitivos (4 Ed. Infantil, Ed. Física, L. Inglesa, Ed. Musical, PT e 5 de Ed. Primaria e 1 Francés).
- 1 Orientadora itinerante 2 días e 1/2 á semana.
- 1 mestre de AL con redución de xornada por director e outro 2 días á semana, e 2 PTs en comisión de servizos en atención preferente.
- 1 mestre de Relixión católica, 3 días á semana.

O Equipo de Dinamización Lingüística está formado por unha mestra de infantil, e tres mestres/as de primaria.



Entre o profesorado debemos de resaltar que a meirande parte deste emprega como lingua habitual no centro o galego, aínda que unha parte significativa prefere o castelán na súa vida cotiá. A competencia en galego é do 100% por parte dos docentes.

▪ **SITUACIÓN DO ALUMNADO:**

Do alumnado é importante destacar a súa procedencia, que é case toda das diferentes rúas da zona de escolarización adxudicada ó centro.

A maioría do noso alumnado vive cos seus proxenitores.

Como xa dixemos anteriormente, o alumnado do colexio, non utiliza asiduamente a lingua galega e nas clases tenden a utilizar o castelán como lingua de comunicación, xa que é a súa lingua vernácula, a que eles falan a diario na súa contorna.



- **PESOAL NON DOCENTE.**

Na actualidade o colexio conta cunha coidadora, con contrato laboral da Xunta de Galicia, un conserxe e dúas encargadas da limpeza a cales dependen do concello de Ourense. O mantemento das instalacións e reparacións do mesmo encárgase o persoal do concello.

A maior parte do persoal non docente do centro empregan o galego en contextos informais, fóra do centro educativo. É o idioma empregado habitualmente. A competencia en galego é do 100% por parte do persoal non docente.



SITUACIÓN DAS FAMILIAS DO ALUMNADO:

As familias do alumnado do CEIP Plurilingüe As Mercedes, ó igual que o alumnado usan maioritariamente o castelán no seu día a día, aínda que hai un maior número de galego falantes e de persoas que usan indistintamente o galego e o castelán. Agás as familias procedentes de latino América o resto son competentes en lingua galega.



AMBIENTALIDADE LINGÜÍSTICA DO CENTRO.

O uso do galego na documentación administrativa e nas informacións internas do centro é plena. A comunicación co alumnado, coas familias e con outras institucións faise en galego ó 100%.

No CEIP Plurilingüe As Mercedes aínda que dispoñemos dun fondo de libros en galego na biblioteca e en todas as aulas cómpre seguir ampliando este material escrito tanto na Etapa de Infantil como na de Primaria.

Dende hai varios cursos levamos a cabo, dentro do Plan Lector, a hora de ler: durante vinte minutos todos os días practicamos dentro da aula a lectura en silencio, e loxicamente, ao haber oferta de libros en galego na aula e na biblioteca, moitas das súas lecturas son en galego.

Na dinamización de Biblioteca lévase a cabo dende hai anos un traballo consistente en:

- sesións de contacontos para cada un dos niveis con diversos autores
- sesións de ilustración de libros, cos autores - exposicións de libros nas diferentes conmemoracións
- obras teatrais en galego
- préstamo de libros e actualización na adquisición das últimas publicacións.

A utilización nas TICs do galego está arrancando coa páxina web do centro que se está actualizando constantemente e que entre os seus contidos conta con múltiples seccións nas que a lingua aparece como unha ferramenta de traballo para levar a cabo as diferentes actividades que se propoñen.

Analizando as características específicas do noso centro, podemos chegar a ver cales son os puntos fortes e os puntos débiles que caracterizan a presenza do galego no noso centro. Deste xeito podemos sinalar a seguinte situación:

PUNTOS DÉBILES:



- Un contexto sociolingüístico desfavorable ao uso do galego e no que predomina o uso do castelán.
- Gran maioría das familias está sensibilizada co uso do galego pero non pon en práctica accións encamiñadas á sensibilización e promoción da nosa lingua.
- O emprego da lingua galega na realización das actividades extraescolares é tamén moi escaso.

Coma Puntos FORTES

- Unha presenza plena da lingua galega na documentación administrativa, no rotulado do centro, nas notas informativas dos taboleiros, etc...



4 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.

4.1 OBXECTIVOS XERAIS

Tendo en conta a situación lingüística mencionada nos apartados anteriores pretendemos acadar os seguintes obxectivos xerais:

En colaboración coa biblioteca do centro queremos potenciar o uso da lingua galega tanto a nivel oral coma escrito e achegar máis a canle de comunicación entre os distintos membros da comunidade educativa dando resposta a un contorno castelán falante e como pautas para a planificación do noso proxecto lingüístico, centrarémonos nos seguintes **obxectivos xerais**:

1. Aumentar no noso alumnado a competencia e uso habitual do galego.
2. Acadar unha axeitada competencia en galego ao remate da etapa de Educación Primaria.
3. Mellorar a calidade no uso da lingua galega.
4. Fomentar hábitos de lectura de libros escritos en galego e ampliar a dotación de fondos da biblioteca existente.

4.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Non podemos esquecer que para chegar á consecución de tales obxectivos temos que recorrer a unha morea de actividades específicas e que, en certa medida, vannos servir de avaliación para confrontar os resultados obtidos cos pretendidos.



Por tanto a labor de normalización ten que asumirse dun xeito transversal no que deben participar, a poder ser, todos os membros da comunidade educativa: alumnado, profesorado e persoal non docente, polo que recolleamos diferentes **obxectivos específicos**:

A. En **colaboración** co equipo de biblioteca do centro, queremos potenciar o **emprego** da lingua galega, tanto a nivel oral coma escrita, e aumentar máis o seu emprego como canle de comunicación entre os distintos membros da comunidade educativa.

B. Fomentar e valorar as **festas e costumes** típicos da nosa comunidade, e en especial da nosa provincia e concello.

C. Mellorar a calidade no **uso** da lingua galega.

D. Fomentar **hábitos de lectura** de libros escritos en galego e ampliar os fondos documentais existentes na biblioteca.

Para acadar estes obxectivos, será importante a coordinación e colaboración de todos os membros da comunidade educativa:

a. **Atendendo á contorna sociolingüística do centro.**

1. Contribuír ao desenvolvemento integral do idioma galego.
2. Recuperar a nosa identidade como pobo.
3. Coñecer e manter os nosos costumes e tradicións.
4. Que o alumnado coñeza mellor o entorno no que vive.
5. Valorar positivamente lendas e contos tradicionais.
6. Coñecer aspectos etnográficos da zona.
7. Recuperar a identidade en certos aspectos antropolóxicos.
8. Investigar sobre personalidades da cultura galega da nosa entorna.
9. Actualizar os datos de uso e dominio do galego a nivel escrito e oral do noso contorno.
10. Colaborar con entidades e asociacións culturais do noso entorno.



b. Atendendo á situación do profesorado.

1. Contribuír ao desenvolvemento integral do idioma galego.
2. Mellorar a competencia lingüística do profesorado.
3. Poñer á disposición do profesorado tanta información e medios sexa posible para conseguir unha efectiva normalización no uso do idioma galego.
4. Actualizar constantemente da Páxina web do Centro, dende a que se difundirán todas as novas e temas en galego.
5. Implicar a toda a comunidade na realización do proxecto..
6. Investigar sobre o autor homenaxeado nas letras Galegas, *M^a Victoria Moreno*.
7. Crear, actualizar e por en práctica traballos compilados na nosa web sobre contidos que fomentan os nosos costumes e tradicións e que o alumnado traballará en datas sinaladas e conmemorativas.

c. Atendendo á situación do alumnado.

1. Favorecer o emprego do galego nos momentos da vida escolar non regrada.
2. Aproveitar o tempo de lecer para coñecer a nosa literatura oral e escrita.
3. Comprender o esforzo dos nosos maiores para manter viva a nosa lingua.
4. Manter os nosos costumes e tradicións.
5. Pescudar información sobre os oficios principais do noso entorno: vendima, gandería, matanza e esfolia.
6. Buscar información sobre a literatura popular.
7. Investigar sobre o autor homenaxeado nas letras Galegas: *M^a Victoria Moreno*.
8. Traballar a educación documental por medio de páxinas de internet, libros web... que colgaremos na nosa web e que se realizarán ao longo do curso.
9. Asistir a obras de teatro, ou proxecións en galego, de xeito que o noso alumnado vexa a importancia da nosa lingua fóra do seu contorno.



10. Valorar as nosas tradición e costumes, co emprego de novas metodoloxías.
11. Fomentar o gusto pola nosa arte popular.
12. Participar activamente en sesións de contacontos.
13. Realizar obras de teatro en galego.
14. Memorizar e recitar poemas de autores galegos.
15. Participar no obradoiro de poesía para conmemorar o Día Mundial da poesía.
16. Participar activamente nos obradoiros de creación literaria que realizarán para conmemorar o Día do Libro.
17. Participar activamente en todas as actividades propostas na xuntanza de convivencia cos centros da comarca en defensa do idioma galego.
18. Participar nas xornadas de teatro do Concello de Bande.
19. Fomentar a comunicación oral en galego coa creación de podcast no noso idioma.

d. Atendendo á situación lingüística do centro.

1. Contribuír ao desenvolvemento integral do idioma galego.
2. Recuperar a nosa identidade como pobo.
3. Manter os nosos costumes e tradicións.
4. Favorecer a integración do alumnado non galego no emprego da nosa lingua e no coñecemento da cultura galega.
5. Favorecer o emprego da tecnoloxía multimedia para fomento do emprego do galego.
6. Utilizar o idioma galego para as comunicacións internas e externas a nivel oral e escrito.
7. Empregar o galego como lingua vehicular da nosa páxina web , no blog de infantil do centro e nas redes sociais que participamos: Instagram e Twitter.



Deste xeito a **LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA** serán:

Liña 1: Incidir mediante a **información e a explicación argumentada e científica, na comunidade educativa** (alumnado, profesorado, persoal non docente e familias) para vencer prexuízos cara ao galego e para promover actitudes favorables á galeguización da escola.

Liña 2: Promover a interacción **entre a escola e o seu contorno** para facer máis rendibles os recursos e os esforzos deses dous ámbitos a prol da normalización do galego.

Liña 3: Ampliar, dentro das nosas posibilidades, **os espazos de uso do galego** de xeito que estes se estendan aos ámbitos deportivos, lúdicos, audiovisuais e aos relacionados coas novas tecnoloxías da información e da comunicación.

Liña 4: Lograr que o Centro lle garanta unha **boa competencia en lingua galega** a todo o alumnado e que repercuta de forma positiva no seu uso, axudando así a superar o desequilibrio social no que se atopan o galego e o castelán.

Liña 5: Garantir, dentro das posibilidades existentes, unha **oferta de materiais didácticos en soportes diversos** que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade da lingua e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz.

Liña 6: Conseguir que o alumnado **consolide a competencia que xa ten en galego**, pola presenza desa lingua no seu contorno inmediato e que aparece asociado a funcións prestixiadas socialmente.

Liña 7: Fomentar a presenza do EDLG dentro da comunidade educativa..



Liña 8: A última liña de actuación iría encamiñada a promover e levar a cabo todas aquelas actividades que persigan o fin xeral da Educación que consiste en preparar aos alumnos/ as para ser “persoas competentes”, entendemos por competente aquela persoa que resolve con eficiencia e eficacia os problemas e situacións que se lle presentan na súa vida persoal, familiar, social e emocional. O alumno debe saber resolver as situacións vitais que se lle presenten poñendo en xogo o saber (coñecementos), o saber facer (procedementos), o saber estar (actitudes) e o saber por que se fai (meta cognición). O alumno debe centrarse en ser unha persoa competente, que realice actividades competentes, que impliquen un compromiso ético persoal en todos os ámbitos da vida, que estea metido na cultura do esforzo, a superación persoal (máis centrada en habilidades), competitividade (máis próxima á produtividade empresarial) e competencia (resolución, esforzo, superación).



5 DISTRIBUCIÓN HORARIA MATERIA/IDIOMA.

5.1 LINGUA MATERNA PREDOMINANTE ENTRE O ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL

O artigo 5º do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. (DOG. 25/05/2010), regula o uso da lingua na etapa de Educación Infantil, quedando recollido da seguinte forma:

Artigo 5º.-Educación infantil.

1. Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo.

2. A lingua materna predominante do alumnado será determinada polo centro educativo de acordo co resultado dunha pregunta que se efectuará aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumno/a antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo ou filla.

3. Atenderase de xeito individualizado o alumnado tendo en conta a súa lingua materna.

4. Cada centro educativo deberá facer constar no seu proxecto lingüístico as actividades e estratexias de aprendizaxe empregadas para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das dúas linguas oficiais.

Segundo se contempla no artigo 14.4 do Decreto 79/2010 do 20 de Maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, os centros educativos deberán elaborar una **ADDENDA Ó PROXECTO LINGÜÍSTICO** do centro no que se recollerán os resultados das enquisas realizadas ás familias do alumnado que se incorpora por primeira vez ó centro educativo (alumnos de 4º de Educación Infantil).

O Centro, en virtude do establecido no Decreto 79/2010 solicitou información aos pais/nais de 4º nivel de educación infantil sobre a lingua materna dos seus fillos



para establecer a lingua predominante, segundo modelo que se achegará como ANEXO na PXA de cada curso educativo, sendo **a Lingua Castelá maioritaria como primeira lingua.**

Todos os anos, dende o EDLG, temos programado actualizar os datos relativos á situación lingüística da nosa comunidade educativa cun cuestionario que anonimamente cumprimentarán todas as familias do noso alumnado de nova incorporación.

Deste xeito, tendo en conta os resultados así coma que a contorna sociolingüístico do noso centro é castelán falante, determínase que será esta a lingua castelán a lingua vehicular nas aulas de Educación Infantil.

ACTIVIDADES TIPO PARA A INTRODUCCIÓN DA LINGUA GALEGA EN EDUCACIÓN INFANTIL.

Xogos interactivos, nos que se combinan as rimas, os xestos e o pequeno ten que responder ou continuar unha frase, son moi bos para fomentar a comunicación.

Debuxos e fotos

Ver e comentar cos nenos/as, debuxos e fotos de obxectos cotiáns serve para ampliar o seu vocabulario na lingua galega. Ademais do debuxo, tamén podemos mostrarlles o obxecto real, para que a asociación entre a palabra e o obxecto que representa sexa máis potente. Tamén se poden utilizar fotos de familiares para que o pequeno identifique e recoñeza os termos da familia en galego: a mamá, o papá ou os avós.



Contos. Utilizar contos adaptados á idade do neno. As actividades que se poden desenvolver ao redor dun conto son moi variadas: poden manexalos e lelos eles mesmos, escoitar como llos contamos, ou podémoslle preguntar onde está un obxecto concreto nas ilustracións (utilizamos o material da biblioteca do centro ou da aula posto que contamos con moitos libros en galego).

Cancións e retrousos. Aos nenos/as encántalles escoitar cancións e retrousos sinxelos que teñan un ritmo ben marcado. Aproveitando este interese, é máis doado que comecen a dicir a sílaba final dunha palabra, a facer os xestos que correspondan e a repetir partes completas da canción. Encántalles que lles repitan constantemente os mesmos temas ampliando así o vocabulario en galego.

Mastigar e sacar a lingua. Para desenvolver a linguaxe oral, é fundamental que o neno faga exercicios de articulación e pronunciación. Tamén se pode xogar a "as visitas da Sra. Lingua"; mediante consignas sinxelas e divertidas, para que os nenos/as exerciten toda a musculatura que inflúe na fala: "Agora a Sra. Lingua vai a visitar o nariz; agora quere ir á casa de Dona Orella esquerda".

Monicreques e marionetas. As actividades de teatro son moi interesantes como forma de comunicación, tanto polo interese que espertan como polo desexo de contestarlles. Outra forma de introducir o galego é organizar xogos de disfraces e de dramatizacións. Con todo iso pretendemos contribuír á mellora da competencia lingüística nas linguas oficiais da comunidade dende a Educación Infantil, fomentando a participación, respectando a diversidade de respostas e ofrecendo un clima no que se anime a ler, escribir e conversar.



5.2 LINGUA DE IMPARTICIÓN NAS DIVERSAS MATERIAS NA EDUCACIÓN PRIMARIA.

O artigo 6º do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. (DOG. 25/05/2010), regula o uso da lingua na etapa de Educación Primaria, quedando recollido da seguinte forma:

Artigo 6º.-Educación primaria.

1. Garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.

2. As materias de lingua impartiranse no idioma de referencia.

3. Impartirase en galego a materia de Coñecemento do medio natural, social e cultural, e en castelán a materia de Matemáticas.

4. Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanais, sen prexuízo do disposto no capítulo IV (sobre a impartición de materias en linguas estranxeiras). Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.

A continuación recolleemos nos seguintes cadros a distribución de materias e a lingua empregada en cada unha delas:

MATERIAS	1º			2º			3º			4º			5º			6º		
	GAL	CAST	ING	GAL	CAST	ING	GAL	CAST	ING	GAL	CAST	ING	GAL	CAST	ING	GAL	CAST	ING
Lingua Galega	4			4			4			4			4			3		
Lingua Castelá		4		4			4			4			4			3		
Lingua Inglesa			2			2			3			3			3			3
Matemáticas		5		5			4			4			5			5		
Ciencias Sociais	3			2			3			2			2			3		
Ciencias Naturais	2			2			2			2			2			2		
Educación Física	2			2			2			2			2			2		
Relixión/AE		1		2			1			1			1			1		
Expr. Artística		1	1	1			2			1	1		1	1		1	1	
Libre configuración											1						1	
TOTAL	11	11	3	11	11	2	11	11	3	11	11	3	11	11	3	11	11	3

Se a nova materia que se vai impartir como de Libre configuración é unha sesión máis das xa existentes, impartirase na lingua na que se desenvolve esa materia, procurando respectar o equilibrio entre a lingua galega e a castelá.

De contar con alumnos ou alumnas que non teñan coñecemento de Lingua Galega ou Lingua Castelá, arbitraranse medidas de reforzo para que logren o aproveitamento necesario en todas áreas que se lle impartan.

Asemade, impartirase a materia de plástica (dentro da educación artística) en inglés. No curso 2021-2022 empézase en 1º de primaria subindo a razón de curso por ano ata completar toda a etapa.



5.3 LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS PROGRAMACIÓNS E CONCRECIÓNS CURRICULARES.

Segundo se dispón no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva.

Segundo se dispón no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva.

5.4 MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO E PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS.

O presente apartado abrangue aquelas medidas de carácter organizativo e curricular que sexa preciso desenvolver no caso de alumnos/as que presenten un déficit lingüístico ou insuficiente dominio das linguas.

O primeiro órgano na detección de necesidades é o/a mestre/a titor/a, que a partir da avaliación inicial e continua, identificará as necesidades existentes e aplicará as medidas preventivas e de axuste ordinario ao seu alcance. Cando a valoración de necesidades desborde as posibilidades do/a titor/a, este recorrerá ao Departamento de Orientación que levará a cabo a preceptiva avaliación psicopedagóxica regulada na Orde do 31 de outubro de 1996. A partir da detección e valoración inicial das necesidades organizaranse os apoios e estableceranse as medidas pertinentes, tanto de apoio en aula por parte dos profesores teñan horas dispoñibles como do profesor/a de Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe se fora preciso, tal e como se recolle no *DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se*



imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG.21/12/2011)

Subliñar que no caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo o ensino desenvolverase na súa lingua materna, sen prexuízo de que progresivamente poidan aprender a segunda lingua, previa valoración individual de cada caso. Para o alumnado estranxeiro, o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario en Galicia, establece que a administración elaborará un plan dirixido ao alumnado con necesidades educativas especiais, que asegura a capacitación lingüística nas linguas oficiais.

Por outro lado, dispoñemos da Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro, segundo a cal os alumnos que descoñezan ambas linguas cooficiais, poderán incluírse en grupos de adquisición das linguas a partir dos cinco anos.

Por último, tendo en conta que practicamente a totalidade do alumnado do noso centro é castelán falante destacar que os/as alumnos/as que descoñezan a lingua castelá estarán inmersos nun contexto que favorecerá a rápida adquisición da mesma, especialmente no plano oral.



5.5 RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS.

5.5.1 HUMANOS

- O EDLG esta composto por todo o profesorado do centro.
- Colaboración con:
 - ANPA.
 - Concellería de Educación e Cultura do concello de Oarballo.
 - Dirección Xeral de Política Lingüística.
 - Outros centros educativos da zona e outros equipos da dinamización da lingua galega sobre todo o CIFP Portovello e o IES As Lagoas.

5.5.2 MATERIAIS

- Biblioteca escolar ben dotada: dicionarios variados, libros de lectura, libros de consulta, enciclopedias,...
- Bibliotecas de aula.
- Aula de informática: 10 ordenadores, proxector e pantalla.
- Aulas con conexión a internet en todas as aulas de primaria e E. Infantil con ordenador, proxector e con taboleiros dixitais.
- Fotocopiadora e plastificadora.
- Páxina web do CEIP Plurilingüe As Mercedes.
- Taboleiro de anuncios.
- Material achegado por distintas institucións sobre dinamización lingüística e promoción da lingua e cultura galega.



6 CURRÍCULUM INTEGRADO DAS LINGUAS. MEDIDAS.

6.1 ASPECTOS XERAIS.

O concepto de “currículo integrado” supón a superación da división tradicional do coñecemento en materias e materias non relacionadas entre si. Hai distintas posibilidades de implementación: así, distínguese o **currículo integrado** (que pode afectar a calquera materia, lingüística ou non), **o currículo integrado das linguas** (que supón un traballo conxunto sobre as linguas presentes na escola) **e o currículo integrado de linguas e contidos** (que á súa vez pode supoñer que o profesorado de linguas asuma os textos do resto das áreas curriculares, que o profesorado destas áreas presten atención aos elementos lingüísticos presentes nas súas materias, ou ambas as cousas á vez).

Así pois, o Currículo Integrado das Linguas (CIL) supón coordinar a actuación educativa relacionadas coas linguas presentes no currículo escolar. En concreto, o CIL supón deseñar situacións de aprendizaxe de tal forma que se traballen na aula tarefas e textos en distintas linguas de maneira ordenada e graduada en diferentes niveis de competencia.

Así, a integración do currículo realízase a través de tarefas nas cales os estudantes producen un texto determinado pero en distintas linguas e con distintos niveis de competencia. En todo caso, a través do CIL o profesorado pode gañar eficacia pois os contidos e as actividades realizadas nunha lingua poden servir de apoio para o traballo para realizar noutras linguas. Isto é especialmente interesante en relación con as estratexias de aprendizaxe:

- uso do dicionario, procura de información na internet, utilización dos recursos da biblioteca, confección de mapas mentais e outros organizadores gráficos, etc.
- as estratexias de monitoraxe: procura e xeración de ideas, realización de borradores, edición de textos, autocorrección, etc.



- o estudo de tipos de textos e xéneros: análise de modelos, descrición de tipos textuais, familiarización coas características de diferentes generos útiles nas distintas materias ou en diversos contextos sociais.

- o estudo contrastivo das linguas: similitudes e diferenzas entre as distintas linguas presentes no currículo, análise contrastivo de aspectos formais da lingua, reflexión sobre as variedades da lingua ou as relacións entre as linguas do currículo.



6.2 EDUCACIÓN INFANTIL.

	COMPREENSIÓN E EXPRESIÓN ORAL	COMPREENSIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA
3 anos (4º Ed. Infantil)	<p>Diálogo- Asemblea: Rutinas Saudar-presentarse Manifestar e expresar sentimentos, ideas, vivencias... Expressar gustos, preferencias. Respetar a quenda de palabra. escoitar contos. Memorizar e recitar poesías, trabalinguas e adiviñas. Entender ordes sinxelas e respectar normas de clase</p>	<p>Nome propio O abecedario. Escribir a data. Facer listaxes. Lectura de imaxes. Recoñecer pictogramas.</p>
4 anos (5º Ed. Infantil)	<p>Diálogo- Asemblea: Rutinas Saudar-presentarse Manifestar e expresar sentimentos, ideas, vivencias... Expressar gustos, preferencias. Respetar a quenda de palabra. escoitar contos. Memorizar e recitar poesías, trabalinguas e adiviñas. Entender ordes e respectar normas de clase. Manter unha conversación. Xogo do teléfono. Inventar títulos para un conto. Contar contos aos nenos e pedirilles que os repitan</p>	<p>Nome propio O abecedario. Escribir a data. Facer listaxes. Escribir unha nota/ carta. Lectura mecánica (sílabas e palabras curtas.) Frases con pictogramas. Escribir normas de clase en mural. Completar palabras coas sílabas correspondentes. Pé de foto.</p>
5 anos (6º Ed. Infantil)	<p>Diálogo- Asemblea: Rutinas Saudar-presentarse Manifestar e expresar sentimentos, ideas, vivencias... Expressar gustos, preferencias. Respetar a quenda de palabra. escoitar contos. Memorizar e recitar poesías, trabalinguas e adiviñas. Entender ordes e respectar normas de clase. Manter unha conversación. Xogo do teléfono. Inventar finais para contos, describir aos personaxes. Construír frases cunha palabra dada.</p>	<p>Nome propio e apelidos. O abecedario. Escribir a data. Facer listaxes. Escribir unha nota/ carta. Lectura mecánica (palabras e frases sinxelas.) Lectura de contos. Escribir normas de clase en mural. Copiar frases curtas e sinxelas. Escribir- copiar unha frase a partir dunha palabra. Facer- copiar descricións. Pé de foto.</p>

6.3 EDUCACIÓN PRIMARIA.

	COMPREENSIÓN E EXPRESIÓN ORAL	COMPREENSIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA
1º Ed. Primaria	Narrativos(contos e fábulas). Descritivos. Poéticos (poesías, adiviñas, cancións, trabalinguas). Anuncios e publicidade. Cartas e postais. Asembleas. Descricións	Palabras, frases e oracións. Poéticos (poesías, adiviñas). Textos breves. Narrativos (contos e fábulas) e descritivos. Invitación a aniversarios. Diálogos. Receitas. Anuncios
2º Ed. Primaria	Narrativos. Descritivos. Poéticos (poesías, adiviñas, cancións) Expositivos e Argumentativos. Instructivos. Anuncios e publicidade. Cartas e postais. Asembleas. Descricións. Textos descontinuos. Textos soporte dixital.	Narrativos. Descritivos. Expositivos. Instructivos Argumentativos. Diálogos. Receitas. Anuncios. Textos descontinuos. Textos soporte dixital.
3º Ed. Primaria	Instrucións / Normas. Textos informativos. Noticias Entrevistas. Enquisas. Teatro. Textos poéticos / Refróns. Narracións. Descricións.	Instrucións / Normas. Textos informativos. Noticias. Carteis. Teatro. Textos poéticos. Narracións. Refróns. Entrevistas. Enquisas. Reclamacións. Descricións.
4º Ed. Primaria	Descricións. Textos poéticos. Cartas. Contos. Instrucións. Noticias. Entrevistas. Enquisas. Narracións. Descricións.	Descricións. Textos poéticos. Refróns. Cartas, postal. Contos. Revistas. Instrucións. Noticias. Carteis. Entrevistas. Enquisas. Reclamacións.



	COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN ORAL	COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA
5º Ed. Primaria	<p>Presentacións. Diálogo e debate.</p> <p>Conversacións e mensaxes telefónicas.</p> <p>Expresión de opinión. Narración e expresión de experiencias persoais.</p> <p>Contos. Descrición. Expresión de sentimentos e estados de ánimo.</p> <p>Exposición e argumentación. Instrucións.</p> <p>Noticias. Entrevistas. Anuncios. Recitar poemas. Dramatización. Resumos.</p>	<p>Escribir datos persoais e encher documentos. Carta, postal e correo electrónico. Noticias.</p> <p>Entrevistas. Anuncios publicitarios. Diálogo. Narración e diálogos en textos narrativos.</p> <p>Descrición en textos narrativos.</p> <p>Contos e relatos fantásticos.</p> <p>Cómic. Textos expositivos e argumentativos. Diario. A poesía.</p> <p>Textos teatrais. Reclamación.</p> <p>Resumos. Textos discontinuos (anuncios, gráficos, táboas, mapas, conceptuais, esquemas, mapas, formularios, diagramas.</p>



	COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN ORAL	COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA
6º Ed. Primaria	<p>Fórmulas de cortesía. Expresión de opinión. Diálogo, debate e intervención en público. Narración. Contos. Descrición. Expresión de sentimentos e estados de ánimo. Exposición e argumentación. Noticias. Entrevistas. Anuncios. Artigo opinión. Apuntes e comentarios. Recitar poemas. Dramatización. Resumos.</p>	<p>Carta, postal e correo electrónico. Noticias, artigo opinión. Entrevistas. Anuncios publicitarios. Diálogo. Narración e diálogos en textos narrativos. Descrición dos sentimentos. Contos, relatos fantásticos. Lendas. Cómic. Textos expositivos e argumentativos. Diario. Biografía. Apuntes. A poesía. Textos teatrais. Reclamación. Resumos. Programa. Resumos. Textos descontinuos (anuncios, gráficos, táboas, mapas, conceptuais, esquemas, mapas, formularios, diagramas).</p>



7 ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS.

7.1 ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE PARA QUE O ALUMNADO ADQUIRA, DE FORMA ORAL E ESCRITA, O COÑECEMENTO DAS LINGUAS OFICIAIS

Dado as características enmarcadas ata o momento estes serán algunhas das actividades e estratexias para que adquiren de xeito adecuada as dúas linguas, pero sobre todo, a lingua galega.

1. Apoio individualizado ao alumnado con dificultades en algunha das linguas.
2. Reforzo educativo na lingua na que teña maiores dificultades partindo da lingua oral.
3. Traballar o vocabulario básico nas dúas linguas.
4. Axudarse de contos, cancións, poesías, xogos de patio, dramatizacións, para fomentar o uso das linguas oficiais.
5. Axudarse de material audiovisual (películas, internet, xogos, etc...) que sirva de reforzo visual a adquisición de vocabulario.
6. Traballar o específico e diferente nas fonéticas das dúas linguas.
7. Partir de experiencias próximas ao alumnado para ampliar o seu vocabulario.
8. Utilizaranse os textos en galego nas áreas que se impartan nesta lingua.
9. En todas as aulas haberá un dicionario de galego, así como varios exemplares na biblioteca e en cada titoría. Tamén en cada titoría haberá un exemplar coas novas normas ortográficas do galego.



10. Aumentaranse os volumes de libros en lingua galega na biblioteca do centro e nas distintas bibliotecas de aula.
11. Nas áreas impartidas en galego a lingua vehicular será o galego.
12. Todos os comunicados e escritos, tanto oficiais como particulares, estarán en galego.
13. En todas as celebracións tradicionais e festivais, a lingua que se utilice será a galega.



7.2 CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS), AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO.

Segundo as indicacións do Consello de Europa no Marco Común Europeo de referencia, a aprendizaxe das linguas vai enfocada ao dominio da competencia comunicativa na lingua estranxeira, inglés.

Para acadar dita competencia no noso centro, ademais do currículo ordinario da lingua estranxeira, promovemos as seguintes actuacións:

- **1ª lingua estranxeira en E. Infantil, cunha sesión semanal de 55´.**
- **Auxiliar de conversa con 12 horas semanais de dedicación ao centro desde o 1**

de outubro ata o 31 de maio.

- O auxiliar terá, minimamente, unha sesión de 55´ con cada curso de Educación Primaria

- Nas sesión ordinarias espérase que o auxiliar amplíe o vocabulario referido aos *festivals* xerais e cultura do seu país de orixe.

- **Integrados no plan anual de lectura:**

- Participación no PDI na parte correspondente á área de inglés.

- Obradoiros de lectura e contacontos en lingua estranxeira..

• **Potenciar a inmersión lingüística dos alumnos/as en todos os espazos da escola:** patio, corredores, biblioteca, ..., ademais da aula.

• **Asistencia a actividades en lingua inglesa promovidas por distintos organismos públicos e privados.** (Teatro organizado polo concello, contacontos por parte de librerías da cidade, editoriais, ..)



- *Participación da mestra de inglés en xornadas e encontros relacionados co ensino plurilingüe e seccións bilingües que desde a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria se convoquen.*



7.3 INFORMACIÓN E VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA NOS CURSOS ANTERIORES.

As actividades realizadas o curso anterior, así como a súa avaliación correspondente forman parte da memoria de actividades elaborada polo EDLG a finais do curso pasado.

Durante o curso 2022/23 levamos á práctica a case que totalidade do proxecto que presentamos a comezo do ano escolar. Polo demais hai que dicir que o resto de traballos propostos no citado proxecto e nos cursos anteriores leváronse a cabo cun resultado satisfactorio e que avaliase do seguinte xeito:

Aínda recoñecendo que a maioría das actividades foron deseñadas pensando nun destinatario principal, o alumnado, e que a participación deste foi a que priorizou as actividades do EDLG

Tamén se realizaron outras actividades que implicaron a outros sectores da comunidade educativa.

Despois de repasar cada unha das actividades, pódese dicir que a avaliación das que se levaron a cabo foi satisfactoria.

7.4 ACTIVIDADES E LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA OS CURSOS 2021/2024.



Tentaremos abarcar co uso do galego todos os aspectos da vida escolar e o ámbito no que se desenvolven os nosos alumnos e alumnas.

Todas as actividades serán levadas a cabo en equipo. Terán como finalidade última, o **emprego satisfactorio e normalizado** do galego para que se perciba como un factor de identidade do noso país .

Procuraremos ter unha relación cos pais e nais do alumnado e demais persoas da comunidade educativa. Así, varias das actividades que realizaremos, como o Samaín, o magosto, o festival de Nadal, O Entroido, A Semana das Letras Galegas, Día do libro... están enfocadas tamén para eles, de xeito que **se fomenta a participación dos pais e nais**, avós e avoas, e persoas próximas ao entorno do alumno.

No que respecta ao **persoal non docente**, no centro só temos, unha Auxiliar Técnico educativa, o Conserxe e dúas limpadoras, as cales facemos partícipe de todas aquelas actividades que son dirixidas á comunidade educativa e daquelas outras nas que se fai necesario a súa implicación.

Mediante estas **actividades motivadoras** buscamos, ademais do divertimento para todos e todas, un medio para fomentar o uso da nosa lingua, o amor por ela, e que os nosos costumes, tradicións, cantigas, oficios, ... se manteñan ao longo do tempo e sexan coñecidos por todos. Aproveitaremos as celebracións e conmemoracións de carácter cultural do calendario escolar para abarcar e introducir o galego na súa realización.

Asemade, perseguimos que o alumnado se sinta identificado coa nosa lingua e comprendan a súa importancia e a empreguen en todo momento, tanto nos momentos de **traballo** coma nos de **lecer**.

Desde o noso centro, entendemos que para o bo desenvolvemento da realización de todo este programa de actividades, faise necesario a **coordinación permanente** e organizada entre os **equipos de dinamización lingüística, o equipo TIC-Abalar e o equipo de biblioteca**. Esta coordinación vese, no noso caso, amplificada e



fundamentada no respaldo que nos ofrece o Equipo Directivo, Claustro e Consello Escolar no seu apoio tanto persoal como económico.

Moitos dos obxectivos propostos traballámoslos en varias actividades, polo que describimos as actividades e indicamos os obxectivos que máis se traballan dos propostos, a pesar de que se conseguen moitos máis dos que deseñamos:

(Non separamos as actividades por sectores, xa que a maioría implican a consecución de obxectivos dos catro ámbitos analizados):

Actividade	Contido actividade	Obxectivo actividade	Relación cos obxectivos propostos.	Persoas responsables	Alumnado ao que se dirixe e Temporalización
Exposición “Chegou o outono” Do 11 ao 18 de outubro	Exposición de traballos realizados nas súas casas con froitos típicos do outono.	-Apreciar a variedade de froitos do outono -Dar a coñecer vocabulario novo descoñecido. -Desenvolver a creatividade.	B.1.- Obx. adecuados á contorna 1-2-4 B.3.- 6 B.4- 1-3	Equipo de EDLG	Todo o colexio.
Commemoración TDH 27 de outubro	Grabación dun video coa canción “Quérote máis” de O SONORO DE MAXÍN	-Recoñecer e aceptar este tipo de trastorno. -Dar un lugar preminente ao galego nos actos do colexio.	B.1. 1 B.2. 4-5 B.3. 2-3	Equipo de EDLG	Todo o colexio. Por grupos.
En Samaín fas ben ter medo! 29 de outubro	Presentación do Samaín como festa xenuina galega en comparación co Halloween. Decoración do colexio con carteis feitos por eles. Elaboración de pócimas Enterrar os medos	Coñecer a nosa festa autóctona, relacionándoa cos ciclos agrícolas co solsticio de inverno. Revalorizar unha festa de seu. Concienciar ao alumnado da importancia dun idioma se seu Desprenderse	B.1. 2 B.2. 2-4 B.3. 2-6 B.4 3-5	Equipo de EDLG	Todo o colexio. Por grupos.



		dos seus medos e supersticións.			
Día das librarías 10 de novembro	Visita ás librarías do Concello	Fomentar o gusto pola lectura. Coñecer establecementos da nosa localidade. Dar a coñecer distintos libros en galego	B.2. 4-5 B.3. 2-6 B.4. 2-4	Titor de 6º de primaria	6º de E.P.
O magosto. 12 de Novembro	Unidade didáctica sobre o magosto: significado, refráns, cantigas e gastronomía. Aprender a canción "O rap do magosto" Facer un magosto con castañeira para todo o colexio. Xogos populares.	Achegarnos ao magosto dun xeito lúdico a través da gastronomía, cantigas e refraneiro galego. Recuperar xogos tradicionais.	B.1.- 4 e 5 B.3.-1 B.4. 5	Equipo de EDLG	Celebración, primeiro por etapa (EI) e curso (EP).
Camiño da lingua 17 de novembro	Preguntas culturais de Galicia e Xogos onde o vínculo é a lingua galega, costumes...	Fomentar a cultura galego por medio dos xogos Animación á lectura Dar a coñecer os nosos costumes.	B.2. 1-4-5 B.3. 3-6 B.4. 2-5	Titor de 3º	3º de E.P.
Día dos dereitos dos nenos. 19 de novembro	Decoración das fiestras con brazos e mans feitos polo alumnado.	Concienciar ao alumnado dos seus dereitos e deberes.	B.2. 5 B.3. 2	Equipo de EDLG	Todo o colexio.
Actividade	Contido da actividade	Obxectivo da actividade	Relación cos obxectivos propostos.		Alumnado a quen se dirixe e Temporización.
Visita ao Museo Provincial 24 de novembro	Visita ao museo	Coñecer o noso patrimonio e a nosa cultura.	B.2. 1-4-5 B.3. 3-6 B.4- 2-5	Titor de 3º	3º de E.P.



		Acercamento aos lugares da nosa cultura.			
Día da violencia de xénero 25 de Novembro	Proxección de cortos da Campaña de Igualdade da Consellería. Facer mans coa palabra “non” e poñelas nas fiestras do centro.	-Fomentar aptitudes integradoras de cooperación e respecto entre o alumnado. -Sensibilizar ao alumnado coa desigualdade, para que sexan capaces de detectalos.	B. 2 – 5 B.3 – 3 B.4 - 3	Equipo de EDLG	Todo o colexio por aulas.
Día da Discapacidade 3 de Decembro	Decorar paraugas con distintas partes do corpo coas que podemos ter algunha discapacidade. Grabar un video cos paraugas coa canción “Baixo o mesmo paraugas. Proxección do conto “Catro esquiniñas de nada”.	Favorecer a inclusión de todos os nenos/as.	B. 1 – 1 B. 2 – 5 B. 3 – 3 B.4 - 3	Equipo de EDLG	Todo o colexio por aulas.
O Nadal Do 16 ao 21 de Decembro	Decorar o colexio coa participación do alumnado e as familias. Todo o alumnado levará a silueta dunha casa que decorará coa axuda da familia, e dentro porá un desexo en galego non material. Contacontos “ O Grinch quíxonos roubar o Nadal”.	Poñer en valor o idioma galego para felicitar o Nadal. Mellorar a nosa competencia en Galego.	B.1 – 1 B.2 - 1-4 B.3 -2-6 B.4 – 1-3	Equipo de EDLG	Todo o colexio por grupos.

Encontros co autor Andrea Maceiras "A folla azul" 28 de Xaneiro de 2022	Ler o libro " A folla azul", e despois levarase á cabo o encontro coa autora seguindo as normas sanitarias do momento.	-Poñer en contacto directo aos escolares coa autora Andrea Maceiras. -Dar a coñecer de preto o traballo dun escritor. -Fomento da lectura comprensiva.	B.2 -1-4 B.3 -2 -4 B.4 - 4	Titor de 5º de primaria	5º curso de primaria.
Día da paz 28 de Xaneiro	-Aprender a canción de Mamá Cabra "Baile da Paz" -Decorar o colexio con pombas e mensaxes en galego.	-Desenvolver unha actitude de compromiso coa convivencia pacífica. -Respectar a opinión dos demais.	B.2 - 4 -5 B.3 - 2 - 3 -6	Equipo de EDLG	Todo o colexio por grupos
Entroido Semana do 21 ao 25 de Febreiro	-Facer un Mandadiño. -Elaboración de disfraces para participación no desfile do Concello.	Saber apreciar a variedade e riqueza das nosas costumes tradicionais.	B. 1 - 4 B.4 - 2-5	Equipo de EDLG	Todo o colexio
Día de Rosalía de Castro 24 de febreiro	-Realización dun power point da vida de Rosalía -Ler poemas de Rosalía na hora de lectura. -Facer un marcapáxinas coa súa foto.	Dar a coñecer a poetisa e achegar a súa poesía ao alumnado. Gusto pola lectura poética.	B.1 - 5 B.2 -4 B.3 - 6 B.4 - 4	Equipo de EDLG	Todo o colexio por aulas.
Semana da prensa Do 7 ao 11 de Marzo	Traballar con periódicos en galego e ilustrar algunhas noticias que nos chamen a atención.	-Coñecer distintos xornais en galego. -Valorar o galego como medio de comunicación	B.2 - 1 -4 B.3 - 6 B.4 - 4	Equipo de EDLG	Todo o colexio por aulas.
Día do libro. 22 de Abril	Facer un pequeno libro por aula axeitado a cada idade.	Fomentar o hábito lector. Fomentar a creatividade.	B.2 - 1 -4 B.3 - 6 B.4 - 4	Equipo de EDLG	Todo o colexio por aulas.



Coñece a túa cidade. 11 de Maio de 2022	Visita guiada pola cidade percorrendo as zonas máis significativas, casa do Concello, Catedral...	Aprender a respectar e conservar o noso patrimonio artístico.	B.2 - 4 - 5 B.3 - 6 B.4 - 2	Titor de 5º	5º de primaria
Letras Galegas Florencio Delgado Gurriarán 17 de Maio	-Traballar coa biografía e obra do autor homenaxeado. -Lectura de fragmentos da súa obra. -Elaboración de murais da súa vida.	Dar a coñecer ao poeta de Vilamartín de Valdeorras do século XX	B.1 - 1- 4 B.3 - 5	Equipo de EDLG	Todo o colexio por aulas
Pasear pola túa cidade 27 de Maio de 2022	Visita guiada e adaptada á idade: Burgas, Catedral, Praza Maior... incluíndo ao alumnado na historia de cidade a través do conto.	-Coñecer a historia máis básica da nosa cidade. -Valorar e respectar a importancia do noso patrimonio.	B.2 - 4 - 5 B.3 - 6 B.4 - 2	Titoras de 5º e 6º de Educación Infantil.	5º e 6º de Educación Infantil.

1.



7.5 AVALIACIÓN. CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS.

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, a avaliación do Proxecto Lingüístico do Centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar tal e como se recolle no artigo 14°.2.

Previamente, realizouse unha valoración deste na comisión de coordinación pedagóxica, e as propostas que xurdiron trasladáronse á reunión do claustro de profesores para o seu debate.

As conclusións que se obtiveron espuxéronse no consello escolar, quen, como xa indicamos, aprobará o Proxecto Lingüístico. Este proxecto remitiráselle cada catro cursos escolares ao Servizo de Inspección Educativa, sendo, neste curso educativo 2021-2022 o ano no que se recolle a súa actualización.

Anualmente, elabórase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:

1º) Os resultados en Educación Infantil, da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado.

2º) As actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.

3º) Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e

4º) Información do que se vai desenvolver no seguinte curso.

5º) Sé é o caso de que haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), informarase sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.



Unha vez rematado o curso, e na memoria final, podemos afirmar que, na medida do posible, incidimos en todos e cada un dos obxectivos marcados. Incidimos no conxunto da comunidade educativa, tal e como queda reflectido nos puntos anteriores, tentamos garantir unha boa competencia lingüística ao noso alumnado así como tentamos incidir nos ámbitos de uso da lingua galega, ampliándoos e consolidando outros xa existentes.

7.6 GRAO DE COLABORACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓNS, ENTIDADES OU ASOCIACIÓNS EXTERNAS AO CENTRO ASÍ COMO CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS.

Ao longo dos anos e no presente curso melloramos sensiblemente a colaboración con outras institucións, centros socioculturais, asociacións de diversa índole e tamén mantivemos e consolidamos as que xa viñamos mantendo co Concello. Cremos importante integrarnos nos de Equipos de Dinamización da zona de Ourense que nos abrirá a posibilidade de desenvolver un traballo conxunto.



8 MEDIOS E FORMAS DE DIFUSIÓN.

8.1 Revisión e Modificacións.

O PLC forma parte do PE do CEIP Plurilingüe As Mercedes, sendo revisado e actualizado durante o curso escolar 2021/2022. O PLC realizaranse as revisións periódicas que se consideren oportunas para adaptalo as novas circunstancias ou a modificacións legislativas. Cada curso escolar realizarase unha addenda cos resultados da enquisa ás familias do alumnado de Educación Infantil e coas modificacións do curso anterior. Dita addenda formará parte da PXA, será enviada a Inspección Educativa e publicada na páxina web do CEIP Plurilingüe As Mercedes.

O PLC estará sempre supeditado á lexislación vixente e terá unha vixencia catro anos, sendo susceptible de perfeccionamento ou mellora que o constitúan ou concorran algunhas das seguintes causas:

- Cambio de normativa legal na que se fundamenta.
- Impartición no centro de novos ensinos.
- A petición dos membros do Consello Escolar, apreciada dita petición polo Equipo Directivo do CEIP Plurilingüe As Mercedes.



8.2 Publicación e divulgación.

O CEIP Plurilingüe As Mercedes publicará e divulgará este documento por diferentes medios á comunidade educativa, facilitando o seu coñecemento por parte de todos/as, debendo ser coñecido por todos os membros da Comunidade Educativa.

O Equipo Directivo será o encargado de difundilo polas seguintes canles:

- Entrega de copias do mesmo aos Equipos de ciclo, nivel, ANPA Pía da Casca, e representante do Concello de Ourense.
- Depósito de copias na Dirección, Xefatura de Estudos e Secretaría a disposición de calquera interesado/a que forme parte da comunidade educativa ou algún outro, segundo o criterio da Dirección do centro.
- Publicación na páxina web do centro.
- Comentario dalgunha das súas disposicións en reunións de pais/nais, titorías, etc.

8.3 Aprobación.

O presente PLC do CEIP Plurilingüe As Mercedes para os cursos académicos 2022/2026, foi presentado ao Claustro de mestres e no mesmo día ao Consello Escolar do CEIP Plurilingüe As Mercedes de Ourense que o aprobou por unanimidade na reunión que **se celebrou o 29 de xuño de 2022**, do que como Secretaria dou fe.

Visto e Prace

A Secretaria

O director:

Asdo.: Daniel Pascual Feijoo

Asdo.: María Luz Quintas Outumuro